

## Pregón das Letras no Campo de Ribadeo.

Venres 18 de agosto de 2023

Boa tarde a todas e todos. Estoulle agradecido ó Concello de Ribadeo por convidarme a esta festa marabillosa das Letras no Campo, pero sobre todo por non convidarme a min só, o que constituiría un clamoroso fracaso de festa, senón por abrialle a porta nestes días a outras autoras e autores e librarías onde poder achegármonos aos libros e á nosa literatura. E ademais así permitirme a min achegarme a Ribadeo que pra min non é máis que as sucesivas variacións a través do tempo do verdadeiro Ribadeo no verán da miña infancia e mocidade: ese Ribadeo que polo oeste se estende naturalmente até o Camping Gaivota do Celso e a Teresa e que polo este chega até Cudillero, onde meu irmán probou por primeira vez un xeadó un día que fomos coa Adela e o Toño, meus pais, a Antía e o Joseba Muruzábal —o brillante muralista de hoxe que tiña entón a idade de meu irmán-, con seus pais, a Toni e o Muruzábal pai e súa tía Mercedes. Así que, tal como eu o vexo, polo norte Ribadeo chega cabalmente a Londres, coma nas escrituras, “mar mediante”, pois estaba eu en Londres cando me chamaron pra dar o pregón... E polo sur, obvio, chega á Piringalla, cidade dormitorio de Ribadeo, que ademais é o indiscutíbel centro de Lugo. Ben. Se a epistemoloxía e a miña xeografía emocional quedaron claras, podemos seguir adiante.

Veño darvos o pregón, que normalmente é un acto moi celebrado cando remata e onde ninguén lembra moi ben que foi o que dixo exactamente o pregoeiro; pode ser o micro que falla, ou o sol na cabeza, o cativo que quere ir por un xeadó, o cuñado que quere convidar a un viño, normalmente é o micro que falla... E eu penso que é por ese sentimento de culpa de non lembrar o que dixo o pregoeiro polo que a xente acostuma aplaudir moito os pregóns, porque tampouco lle importa moito a ninguén o que dixo, como moito a algún da familia e pra iso non a todos...

Malia a iso, eu como non as teño todas comigo, tamén trouxen esta modesta camisa, unha vindicación *tropicalista*, que é muito do meu agrado, por se vos apetece aplaudila ó final no caso de que non vos apeteza aplaudir o que dixen. E aproveitando o ton tropicalista quixera falarvos hoxe, distinguido público, da memoria que, en palabras da vosa poeta ribadense Luz Pozo Garza, podería ser *O paxaro na boca*.

A memoria como un paxaro na boca.

Quixera desentretñar con vós o que pra min é a memoria. Porque estiven vendo vellas fotografías dos veráns da miña infancia en Ribadeo. Quen era ese neno que ía na barca do Toño co estaleiro de Castropol ó fondo? Quen eran esas anciás e anciáns vestidos de gris e branco nunha xira de Santa Cruz? Quen eran eses dous homes que andaban ós pulpos nunhas rochas en algures entre o Cargadoiro e Vilaselán e miran a cámara? Quen é esa muller ao carón dun neno ó pé da Torre dos Moreno? Claro, sei que son eu, o Lois dos nove anos; e sei que eses anciáns son o Antonio e a Pura, O Moncho e a Isabel “A Cañona”, os pais da Adela e o Toño e uns amigos; e sei que eses dous homes nas rochas son o Toño e meu pai Ovidio; e sei que a muller e o neno son miña nai Carme e meu irmán Alberte. Pero ninguén sabe xa quen era para si

mesmo nese intre da fotografía, é algo que sucede con todas as fotos. Dalgún xeito están baleiras porque o verdadeiro significado dállelo o tempo. O que queda verdadeiramente nesas fotografías é unha época que non volverá. Porén, forman parte da miña vida íntima. Cheo de sentido, baleiro de sentido, cheo de sentido, baleiro de sentido... Esa é a onda do mar do tempo que atravesa a nosa vida. E hai distintas memorias: a memoria do arrecendo do pan da panadaría Paleo; a memoria do sabor do *pastelón* de bonito da Candelaria; a memoria do son (quinientoscuatrocientosnoventaycincoochenta...) da lonxa do peirao nas puxas polos lotes de peixe abaixo do Andarica...

E a memoria dos corpos.

O 25 de xuño de 1988, o mesmo día en que Holanda gañaba a Eurocopa, Héctor Lavoe, o rei da salsa tentaba suicidarse dende un noveno piso do Hotel Regency de Puerto Rico e se estreaba a película *Bird* sobre o saxofonista Charlie Parker e talvez en honor a el, unha bicicleta guiada con temeridade infantil polo corpiño do Quirino adiantaba a velocidade supersónica (e isto é *jurídico*) a nosa cuadrilla de bicis que baixabamos pola costa da Rúa Antonio Otero en dirección ó peirao (peirao de Porcillán para os profanos).

Dixo o Quique de la Cuétara: *hostia, cómo va!* E dixo a Greta: *y cómo quieres que vaya? Va fostiado!* E dixen eu: *no creo que dea librado, he!* Frase que anticipou a miña condición de fabulador e visionario pois o Quirino pasou por diante do Mesón Marinero máis rápido ca unha *instalación*, pasou o Andarica e ben sabedes o que cómpre facer cando chega unha curva ou se aproxima o mar: ou xirar ou termar do poni. Pero o poni metálico do Quirino, co aspecto dunha bicicleta G.A.C -podería ser unha BH coma a do Quique, ou unha Torrot coma a miña ou unha Orbea coma a do José de Canarias- mais memoria dime que era unha G.A.C, elevouse no ceo ribadense e por uns intres pareceu cobrar verdade o que berrou o Quique: *Quirino vuela!* E dixo o Tino o primo do Marina: *Quirino es dios!* Aquelas afirmacións débéronlle resultar á Greta un tanto excesivas e decidiu facer unha apreciación máis terreal e racionalista: *va llegar a Asturias!*

Non, amigas e amigos: o chaval parou un pouco antes.

O pensamento e a memoria foron feitos pra rivalizar co soño, nesa viaxe que nós facemos ao imposible. Pero o pensamento nace, coma calquera organismo vivo, pra se vestir de fronteiras. Calquera organismo está envolto dunha capa que o separa do resto do mundo; a verdade é esta, a vida está feita de fronteiras e non hai nada malo niso; pero así como as fronteiras de Ribadeo e a praia de Figueiras, por exemplo, que separaban o salto imposible do *bird* Quirino son permeables e se funden nunha ría esplendorosa, o noso pensamento péchase facilmente en si mesmo, non somos quen de construír paredes vivas e permeables.

O libro como un paxaro na boca.

O libro que nos fai voar como o *Bird* de Charlie Parker e vencer as fronteiras.

Falando de símiles musicais e tropicalismo, Carmen Miranda cantaba coa cabeza chea de froitas tropicais: *Ai, ai, ai, ai / ai, ai, ai, ai / é o canto do pregoneiro / que com sua harmonia traz alegría in south american way...* A suspensión da incredulidade. O principio enunciado por S.T. Coleridge que se anticipou en séculos ao que hoxe din os estudos científicos: que na experiencia lectora as zonas cerebrais que conforman a nosa identidade desactívanse e avanza en nós aquilo que lemos. Virámonos crédulas diante dun libro: pra min o mellor e máis valioso credo que pode haber.

Os libros, deixou dito Borges, son unha extensión da nosa memoria. Como o resto dos inventos humanos son extensións do noso corpo: a roda é unha extensión dos nosos pés, o telescopio co que mirar o setestrello é unha extensión dos nosos ollos e o sacho ou a pluma é unha extensión das nosas mans. Pero podemos acordar aquí que o libro é unha extensión da nosa memoria. Que acontece? Que a memoria non é unha magnitude fiábel. Non o é pola sinxela razón de que non antepón a verdade a todo. Non hai unha esixencia de veracidade que decide o que a memoria reproduce ou non. Quen decide é o interese persoal. A memoria é práctica, insidiosa e astuta, pero non dun xeito malicioso; algunhas cousas empúrreas até o esquecemento, outras retórceas até o irrecoñecíbel; outras, interprétaas con elegancia e, as menos, lémbraas perfectamente.

Ribadeo e a perda da inocencia, tres momentos; 1988: a aparición e posterior asasinato da foca Cuquita -a aparición máxica- como deixou escrito un torpe escritor lucense nunha novela que agora non lembro. Pero sobre todo dous. 1995, Trofeo Emma Cuervo, campo ateigado, os vellos na barra cargando o depósito e nós en pantalóns curtos á sombra apoiados contra o muro a rentes da liña de cal. A SD Compostela de Caneda, Ohen, Fabiano e o noso ídolo, o afouto alfocence lateral esquerdo Nacho versus o Sporting de Xixón de Juanele, o ruso de dous metros Lediakhov e nove máis. Entón, o choque de culturas: o balón dividido e sen dono, o Etrusco de Adidas como unha bomba atómica; e a nave espacial rusa en despegue colosal de Igor Lediakhov que se encontra de fronte coa Bertolina Galega de Nacho. Segada brutal á par que salvaxe. A nave rusa perde órbita e aterra ós nosos pés. Mirámoslle as pernas brancas e a súa cara de ruso. E as botas Puma. Entón ergue o ruso teso como o Kremlin *y dos potencias se saludan*, fronte a fronte: Nacho, tres cabezas máis abaixo, teso como o pau da luz de Vilaselán. Miradas macho sabana. E a frase lapidaria que lle prende lume á nosa infancia: *¿qué carallo tienes, ruso?!* E a chamada do Jacobo o Cubano a unha resolución pacífica do conflito: *Nacho, rómpete los dientes!*

Hoxe anda de avogado por Madrid. O cubano, non o Nacho. Pero antes do Dereito, o Cubano aínda tivo tempo de amosarnos o camiño *ó través* cara á adolescencia nunha tarde de sábado. Ribadeo 1995, Discoteca Futura. Aborixes locais aducidos polo exotismo madrileño. A duras penas presentabamos un discurso coherente e moito menos como pra dirixirnos a un descoñecido ou descoñecida do sexo contrario. Entón o Cubano achegouse á aquela rapaza e iluminounos a nós, que o acompañabamos naquela dimensión descoñecida, díxolle: *oíste...es que quería hablar contigo. Pero no me atrevo.*

Xa remato. Como lle din na aldea cando se alongan máis da conta as visitas: e teremos que deitarnos, que esta xente quererá marchar.

A memoria.

A memoria é importante porque cremos que nunca é a última vez. Os sitios son como os libros: só existen cando os lemos por segunda vez. Existiu sempre unha afección folclórica e teatral en Ribadeo, estimulada a primeira no seu día por Amando Suárez Couto, fundador e director do grupo Cantigas da Mariña e a segunda por César López Otero, que solicitou no seu momento a colaboración de Camilo Díaz Baliño.

**Amando Suárez Couto**, pintor e irmán de Enrique, primeiro director da Granxa Escola Pedro Murias. Foi Amando quen fixo os gravados en buxo que ilustran a marabilla de *Ribadeo Antigo*, obra de Francisco Lanza. Amando, quen estivo con Federico García Lorca cando este veu a Ribadeo coa Barraca o 31 de agosto de 1932, esa iniciativa estupenda de achegar a palabra, o teatro e a cultura ás clases populares por cada recanto do estado. O entendemento, a tolerancia. O vencemento das fronteiras. A felicidade. Iso son os libros. A promesa da felicidade na nosa vida porque a interpretamos mellor.

*O paxaro na boca* de Luz Pozo Garza.

O motivo central d'*A Gruta da Torre*, novela que agora lembro que é miña, ten como fío principal unha vella historia que escoitei que dicía que había un túnel que unía o alto da Torre dos Moreno co peirao e a cuadrilla de nenas e nenos dan con el. Pasamos varios veráns buscándoo. Nunca o encontramos. Pero escavar é como escribir: esgazar a terra e, letra a letra, ascender a un ceo sepultado. Quen escribe é un inventor de esquecementos e cava túneles no chan do tempo. Tamén debe estar aberta á metamorfose, a se transformar, en versos da poeta Antía Otero, do seu Barroco:

*Como a cobra que muda a pel / emerxer entre as roseiras / Sacudir o fungo da cinza / os síntomas da praga / Descifrar indicios / Saberse centinelas.*

O Ribadeo dos cabezudos, o Ribadeo de ver o Tour de Francia no Galicia, o Ribadeo do Chelo, o camareiro dos cantóns co seu sorriso doce e os seus ollos azuis escintilando entre as súas canseiras; o Ribadeo do café á noite no Cubano e a rondalla do John Rutherford e as mozas e os mozos sentados no muro de enfronte; o Ribadeo de apañar berberechos no tesón; o Ribadeo de apañar picaduras de faneca no tesón; o Ribadeo de apañar un par de hostias na pista de skate; o Ribadeo do Millo onde ía o Marcelo; o Ribadeo do Moncho coa súa gorra de capitán e o Ribadeo do Carriquí, o carteiro amigo dos nenos; o Ribadeo na procesión do Carme pola Ría e o Ribadeo das *suelas* de chocolate da Candelaria, o Ribadeo da biblioteca da planta baixa da Torre dos Moreno, o Ribadeo dos namoramentos e as conversas na escuridade da Atalaia; o Ribadeo da molicie na sesta da xira de Santa Cruz, o Ribadeo do Yuma e o bendito oficio de organizar certames de castelos de area á beira do mar... Cal é o libro? O mar ou o castelo? Escribimos porque seguimos sendo nenos, pero xa non sabemos onde buscar a infancia.

Traio este molete de pan e este libro. É o meu desexo para vós. Que era o de Lorca. Dixo ao inaugurar unha biblioteca que, de darlle algo a cada persoa, non lle daría un pan enteiro. Daríalle medio pan. Medio pan e un libro. Pra vencer a fame. A fame de comprender, a fame de mellor ser.

Medio pan e un libro. Somos como a chuvia: repousamos como a bágoa que se secou dentro de nós.